

EDITORIAL

Este ano vimos cargados de novas. Estamos na páxina web do centro (<http://centros.edu.xunta.es/iescabootegal>). Estivemos en todos os festivais e actos celebrados en datas conmemorativas, Nadal, Entroido, Letras Galegas e Fin de Curso, e procuramos estar ao tanto de todo o que acontece ao noso arredor.

Comezamos coa presentación do *Golfiño IX*, á que asistiron os nosos colaboradores.

Nesta edición adicamos a sección *Cariño no tempo* á celebración do XXV aniversario do noso Centro, compilando fotografías de antigos alumnado e profesorado do I.E.S. Cabo Ortegal.

As entrevistas deste ano centráronse en ex-alumnos e ex-alumnas do Centro, para ver como lles vai polo mundo adiante; na música, co novo grupo local *Caída Libre*; e no deporte, co descubrimento dunha campiona de España de bádminton no C.E.I.P. Manuel Fraga Iribarne.

Xunto aos Institutos de Cedeira e Ortigueira organizamos o Certame Intercentros *Santo André de Teixido* nas modalidades artística e literaria. Aquí podedes atopar as obras gañadoras do concurso na presente convocatoria.

Asemade, esta vez houbo unha alta participación nas seccións *Os nosos escritores*, con poemas, contos, lendas e artigos; e *Os nosos artistas*, con debuxos, pinturas e manualidades feitos polos nosos alumnos e alumnas. Parece que prometen!. E tamén temos unha carta dun profesor que estivo de intercambio.

As saídas realizadas foron variadas. Grazas á actividade patrocinada pola Deputación de A Coruña, *Vivir o Mundo*, un grupo de alumnos do I.E.S. coñeceu París e unha das nosas reporteiros estivo alí. Tamén falamos da viaxe de estudos de 4º E.S.O. a Barcelona e Salou, organizada pola Vicedirección. E da saída a Manzaneda, con 1º e 2º da E.S.O., e da ruta de senderismo ao Limo, para todos os cursos, organizadas polo Departamento de Educación Física.

Non podían faltar os cotilleos de *As Malas Linguas*, nunca lles faltan chismes que contar, nin a sección de pasatempos, con sopas de letras, encrucillados e o concurso *Who is who?* (Quen é quen?), coas que podedes entretervos.

Por último, este ano tamén demos a benvida aos alumnos e alumnas que o próximo curso estarán entre nós.

Esperamos que vos guste este novo número de *Golfiño* e o vindeiro ano vos animedes a participar.

Ata pronto!